

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Modificación data constitución tribunal arquitecta/o técnica/o

EXPEDIENTE: 2023/G003/001439

Vista a Resolución da Alcaldía nº 1228/2023, de 26 de outubro, que aprobou a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas do proceso selectivo para o nomeamento, persoal funcionario de carreira, dunha/dun (1) arquitecta/o técnica/o, correspondente á Oferta de emprego público de 2022.

Considerando que no Resolvo da devandita Resolución convócase ás persoas integrantes do tribunal cualificador para o vindeiro día 28 de novembro de 2023, ás 13.00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, aos efectos da súa constitución.

Sendo que por circunstancias sobrevidas resulta imposible que o tribunal se constituía na devandita data.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar aos membros do tribunal cualificador para o vindeiro día 30 de novembro de 2023, ás 13.00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, aos efectos de constitución do tribunal.

Segundo.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica deste Concello: www.teo.gal e notificala aos membros do tribunal cualificador.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz